



## **ANUNCIO**

### **CONSULTA PÚBLICA PREVIA A ELABORACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS**

Co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, e segundo o previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro sobre Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración dun proxecto ou anteprojecto de lei ou de regulamento (ordenanzas/regulamentos municipais) substanciarase unha consulta pública a través do portal web da Administración competente na que se solicitará a opinión das persoas e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma sobre os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras.

Este anuncio de consulta previa está referido a articulación dunha ordenanza que regule o procedemento de establecemento e a modificación dos presos públicos.

#### **Forma e prazo de presentación de opinións e suxestións**

En función do exposto se realiza a presente consulta pública para que no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES dende a publicación deste anuncio no taboleiro de edictos e portal de transparencia do Concello do Porriño, as persoas e organizacións máis representativas, potencialmente afectados por esta ordenanza, poidan presentar opinións e suxestións, a través do rexistro desta entidade ou nos restantes puntos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

#### **A. Problemas que se pretenden solucionar coa ordenanza.**

O obxecto é a elaboración dunha Ordenanza Xeral de presos públicos destinada a establecer os principios xerais e normas común aplicables a tales ingresos, dotando a administración dos medios para establecer e modificar os presos públicos de forma máis áxil.

#### **B. Necesidade e oportunidade da súa aprobación**

Os prezos públicos rexexeranse polas seguintes normas:

1º Polas contidas no Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, do que será supletorio o título III da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, conforme ao establecido na disposición adicional sétima desta.

2º Polas ordenanzas reguladoras de cada un dos presos públicos que o Concello acorde establecer ou que estean establecidas, e pola Ordenanza Xeral.





Concello do Porriño

### **C. Obxectivos da norma.**

Axilizar os trámites administrativos necesarios para a creación e modificación de prezos públicos cunha ordenanza xeral que abarque a súa regulación , correspondendo á Xunta de Goberno Local, por delegación do Concello en pleno o creación e modificación dos citados prezos.

### **D. Posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras.**

A alternativa consistiría en non acometer ningún desenvolvemento regulamentario municipal, pero o establecemento dunha Ordenanza que concrete e desenvolva as normas citadas resulta máis conveniente e mesmo necesario para a aplicación práctica de determinados aspectos. Asemade, esta necesidade tamén resulta aconsellada polo espírito e finalidade das novas leis, e para acadar unha maior seguridade xurídica, sen prexuízo de que esta norma que se propón poida, no seu caso, complementarse con outras solucións reguladas.

### **Documento asinado dixitalmente**

